

# SEIXO BRANCO

**REVISTA ESCOLAR**  
**CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO**  
**OURENSE**  
**Curso 2013-2014**



## Índice

P.3.....	Editorial
P.4.....	Artistas 3 anos
P.7 .....	Contacontos no museo
P.8 .....	Títeres no Auditorio
P.9 .....	Letras Galegas 2014
P.12.....	Cómo funciona a radio?
P.13.....	Estreamos horto escolar
P.14 .....	Aula da Natureza
P.15 .....	Marcelle Natureza
P16. ....	Saídas de 4º E.P
P.17 .....	Parque Infantil de Tráfico
P.18 .....	Find the words
P.19 .....	Saídas de 1º e 2º de E.P
P.21.....	Coñecendo a Arturo Baltar
P.22.....	Visita os Bombeiros.
P.23 .....	Entrevista 4º Educación Primaria
P.26.....	Libro dos nen@s de E.I
P.29.....	Os nosos alumnos/as

## Editorial

Xa remata este curso, e con esta revista queremos lembrar unha maioría de actividades e experiencias vividas.

Algúns nenos e nenas vanse ao instituto e comezarán unha nova etapa nas súas pequenas vidas, pero chegarán novas caras para intentar cubrir a lembranza que eles deixan.

Este ano tivemos moita tristura coa marcha de dous mestres que levaban moito tempo connosco como foron Elena e Herminio, os cales marcaron o noso paso por este prezado colexio.

Tivemos momentos moi alegres coas visitas e festas realizadas, traballamos moi duro para sacar boas notas, tivemos momentos malos e bos que fan que nos formemos como persoas e saibamos ben o que queremos, coa axuda dos mestres nos encamiñen na nosa vida.

Queremos agradecer a toda a comunidade educativa (familias, mestres, conserxe, cociñeiras, colaboradores, ANPAS, persoal de limpeza, entidades e a persoas alleas ao centro que fixeron que este ano estivese cheo de experiencias novas para nós. Agradecer aos mestres que se quedan e aos mestres que se van: Toño, Alberto, Fran, Esther Fernández, Esther Prieto, Gina e Adrián.

Agora chega o verán e con el, momento de descanso e disfrute por parte de todos.

Que pasedes un bo verán e moitas grazas por facer do CEIP de Seixalbo unha gran comunidade educativa.

# **Vémonos en Setembro!!!!!!**

---








# CON TACONTOS NO MUSEO

O 4 de xuño, dentro do Programa de Animación á Lectura, os alumnos de Infantil de 4 e 5 anos fomos ao Museo Municipal. Participamos nunha actividade de contacontos e exposición de libros elaborados por nenos e nenas de outros colexios. Neste ano todo xiraba sobre o mundo dos comics. Estivemos moi atentos e portámonos de marabilla.

¡ Tamén estaba o conto que fixemos as tres aulas de Infantil de Seixalbo ¡



Logo visitamos a Catedral, a Praza Maior, as Burgas e a Praza de Abastos. Comemos os bocadillos na Alameda e aínda nos deu tempo de xogar e columpiarnos.


¡ Que mañá tan ben aproveitada ¡






# TÍTERES NO AUDITORIO

O luns, 26 de maio, os nenos e as nenas de INFANTIL de 4 e 5 anos, acompañados polas nosas mestras, fomos ao AUDITORIO MUNICIPAL de Ourense. Saímos do noso Cole as 11,15 nun autobús todos xuntos.



Algúns de nos nunca entráramos no Auditorio. É un salón grandísimo con moitas butacas. Alí xuntámonos nenos de varios colexios.



Presenciamos unha actividade de contacontos e títeres de mesa. Era unha historia duna lapa de lume que provoca un incendio. Tódolos animais do bosque idean un plan para apagar o lume.

¡ O lume parecía de verdade !

¡ PASÁMOLO XENIAL !





# XOSÉ MA DÍAZ CASTRO



Naceu en Guitiriz no ano 1914

5 anos



Aos 15 anos vai estudar ao Seminario de Mondoñedo.

E. Infantil




E. I. 5 anos

Cando remata a Guerra da clases en Vilagarcia



Em 1947  
vai a Madrid  
onde traballa  
como tradutor.





En 1961 publica Nimbos, un libro de poemas.



Nos anos 80 colabora en Guitiriz coa asociación Xermolos.

5 anos

E. Infantil

## Como funciona a Radio?

Co fin de fomentar o uso e normalización do galego nos diversos contextos da vida cotiá dos alumnos, recibimos a visita de Roberto Carlos, periodista e locutor da Radio Televisión de Galicia, o cal nos ensinou e mostrou a súa labor normalizadora e difusora do galego, no seu traballo do día a día.



Ensinounos como se traballa na radio, como reporteiro dos deportes, entrevistas, os utensilios que utiliza, e tráxonos una sorpresa, o xogador de fútbol do CD. Ourense, Oscar Martínez, quen é veciño noso e que nos ensinou como o galego está presente na súa vida como deportista, e fomenta o galego no seu traballo.



Fixemos de locutores de radio, narramos e comentamos xogadas de fútbol co micrófono e os auriculares da Radio Galega, vemos pases de prensa, camisolas de diversos equipos de fútbol galegos, e o máis importante foi que aprendemos moito e utilizamos a nosa lingua, o galego.



## Estreamos horto escolar!!!!!!

Este ano os nenos de todo o colexio do CEIP de Seixalbo, traballamos arreo para levar a cabo un horto escolar, no cal plantamos diversos vexetais e froitos, ademais de plantas aromáticas. Aprendemos o proceso de realización: sementeiro e mantemento, transplante, coidado do horto e recolección de froitos e verduras.



Unha satisfactoria experiencia pola que recibimos moitas visitas e agradecementos. Para o ano máis e mellor!!!!!!



SEMENTAMOS



CREAMOS



RECOLECTAMOS





# AULA DA NATUREZA - ASTRONOMÍA

Os alumnos e as alumnas de 5º e 6º de Educación Primaria fomos á Aula de Natureza do Río Miño, en Oira. Alí un astrónomo falounos de moitas cousas interesantes. Ensinounos os diferentes tipos de telescopios que hai e cales eran as características de cada un.

Explicounos que dentro de 4 000 millóns de anos a maioría da vida na Terra extinguirase por culpa dun efecto invernadoiro esaxerado. O Sol absorberanos nuns 5 500 millóns de años, despois de que esta estrela entre nunha fase de xigante vermella e se expanda máis alá da órbita da Terra. Tamén nos dixo que hai pouco descubriron un planeta coas mesmas condicións da Terra, pero máis grande. Atópase a 500 anos luz do noso planeta.

Sáimos máis convencidos ca nunca da importancia do coidado do medio ambiente, cada un dentro das súas posibilidades, porque o lugar onde vivimos, a Terra, é **único**.



# MARCELLE NATUREZA

O día 30 de maio o alumnado de 2º e 3º ciclo de Educación Primaria fomos de excursión a Marcelle Natureza, un parque zoolóxico que se atopa en Outeiro de Rei, en Lugo.

Cando chegamos, repartímonos en grupos para ir cos monitores de Marcelle. Recorremos todo o parque e fixemos moitas actividades. Había moitos animais e déronnos información sobre todos eles. Chamáronos a atención as suricatas, porque son moi simpáticos. Cantamos cancións e aprendemos un baile. Fixemos tiro con arco... que nos encantou!


Comemos ao aire libre no medio do parque. Os monitores foron xeniais, riron, xogaron e cantaron connosco. **PASÁMOLO MOI BEN!!!**




# SAÍDAS DE 4º DE PRIMARIA.

## VISITA A POLICIA LOCAL .

a Policia local. Ali vimos entre outras cousas a sala de reunións, onde todos os días os policiaos falan do que teñen que facer, a galeria de tiro donde practicaban



Tamén estivemos nunha sala onde teñen pantallas nas que se ven imaxes da cidade, transmitidas polas cámaras de vixilancia que están colocadas en determinados rúas, para controlar entre outras cousas o tráfico da cidade.



Para rematar a visita, estivemos na garaxe, onde nos ensinaron un coche patrulla e unha moto. Como soaba a serea! Gustounos moito!


## PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO

A excursión aos cars foi a bomba, pero tranquilos que non explotou nada. Había un policía que nos ensinou todo e nos explicou como se circula cando entramos nunha rotonda.

Fixemos o círculo correndo, saltando, bailando, camiñando e o final en bicis e cars.. Algún saltouse un semáforo e a piques estivemos de ter un accidente. Tamén vimos unha película na que nos explicaban as normas de circulación.

O mellor de todo foi montar nos cars!

A ver cando volvemos!.





# TRANSLATE AND FIND THESE WORDS

EARS →  
 EYES →  
 HAIR →  
 MOUTH →  
 HEAD →  
 FACE →  
 NOSE →  
 TEETH →  
 NECK →  
 TONGUE →  
 BODY →  
 ARM →

HAND →  
 THUMB →  
 FINGERS →  
 LEG →  
 FOOT →  
 FEET →  
 TOES →  
 TUMMY →  
 BACK →  
 SHOULDER →  
 LIPS →  
 TOOTH →

I	J	K	D	L	M	N	O	P	Q	S	E	U	G	N	O	T
R	S	N	T	U	V	B	W	X	H	J	Y	Z	A	B	C	A
T	A	D	E	F	A	G	H	O	I	J	K	L	M	N	O	B
H	P	Q	R	C	S	T	U	U	V	W	X	N	Y	M	Z	C
U	A	B	K	C	D	L	R	B	O	D	Y	E	O	F	G	D
M	H	I	J	K	D	L	M	I	N	A	O	U	P	S	Q	E
B	R	S	T	E	L	U	V	W	A	E	T	A	B	C	E	F
A	B	C	R	D	E	E	F	G	H	H	I	E	J	K	L	G
M	N	O	N	P	Y	Q	G	R	S	T	U	V	E	W	X	H
Y	Z	A	B	E	C	D	E	F	G	H	I	J	K	T	L	S
E	A	R	S	M	C	N	O	P	T	Q	R	S	O	T	H	R
U	V	R	W	X	J	K	Y	U	O	Z	A	O	B	C	D	E
E	F	G	M	H	I	J	M	K	E	L	F	E	E	T	M	G
N	O	P	Q	R	S	M	A	B	S	C	D	E	F	C	G	N
H	J	L	M	N	Y	O	Q	R	T	U	V	W	X	Z	A	I
I	K	S	P	I	L	P	S	T	O	O	T	H	Y	A	B	F



## SAÍDAS DOS NENOS E NENAS DE 1º E 2º DE PRIMARIA

Ao longo do curso os nenos e nenas de 1º e 2º fixemos algunhas saídas:

No primeiro trimestre fomos ao auditorio para asistir á posta en escea da representación dunha obra musical.





No terceiro trimestre desplazámonos ao polígono de San Cibrán das Viñas para visitar:

-Aceites Abril.

-Plásticos Guede.

-Rodríguez López (ambulancias)

Participamos tamén no programa de animación á lectura que levou á cabo o concello e aproveitamos para visitar as burgas, a praza de abastos e pasear un pouco polo centro.





## COÑECENDO A ARTURO BALTAR

Arturo Baltar Santos nace en Castro de Noalla (Ourense) en 1.924. escultor de barro, nunca empregou ningún outro material, con el creou un mundo de tenrura.

Nunca tivo mestres, pero na realidade tivo moitos. Estes foron os templos medievais, cruceiros ... a súa obra foi con escenas imaxinarias ou reais: peregrinos, cantores de panxoliñas, momentos do pobo como alfareiros, boticarios, tabernas ...

Os de 3º fomos coñecer a súa obra, na Praza de San Cosme. Alí vimos o seu “Nacemento”, composto por moitas figuras e ata tiña un regato, luces para facer o día e a noite. Tamén nos falaron de outros escultores ourensáns, moi interesante. Estivemos vendo a súa obra dentro da exposición, e gustounos moito. Fixemos un xogo que consistía en contar con dous personaxes da exposición una historia de outono. Fómonos contentos por ter aprendido moito dos escultores ourensáns.

Noé e Diego 3º de e.P.



## OS DE TERCEIRO FOMOS DE VISITA AOS BOMBEIROS

O día vinte de maio fomos de visita aos bombeiros. Fomos recibidos por uns bombeiros que nos foron guiando, ensinando as instalacións e dándonos información sobre o seu traballo.


O primeiro que vimos era una barra longa chamada cucaña por onde baixan cando hai emerxencias. Tamén entre as actividades vimos una película sobre un incendio, para ensinarnos que facer no caso de atoparnos nesa situación. Logo contaron como eran os quendas de traballo, que comían e ata durmían alí cando tiñan quendas.

Sacaron fora os camións e vimos que cousas había neles, extintores, mangueras, bombonas de osíxeno, para os incendios e os accidentes. Subiron a cesta da escaleira para rescates de persoas e ata de animais, nela ían as mestras e un bombeiro.

Unha cousa nos lembraron que si hai un incendio chamásemos ao teléfono 080.

Interesante visita, pasámolo moi ben.

Nelly e Xián 3º E.P.



*Os nenos e nenas de 4ºA, tivemos unha visita moi especial este ano, coincidindo co tema da Historia na asignatura de coñecemento. A mamá do noso compañeiro Pablo, Belén, que é historiadora, achegouse á nosa clase, onde nos contou un milleiro de anécdotas e cousas moi interesantes sobre a labor que fan os historiadores, arqueólogos, xeógrafos e demais. Como nos gustou tanto, quixemos facerlle unha entrevista para o xornal do cole.*

## Entrevista

*(Comezamos repasando os comezos, e como chegou a facer unha carreira como a de historia.)*

**Aarón-** *Xa che gustaban e interesaban as cousas da historia cando eras pequeniña?*

**Belén-** *Desde moi pequeniña me interesaron os obxectos e cousas antigas.. Xa antes de ir ao cole eu sempre miraba os libros que había na miña casa, e incluso cando algunha tía miña estaba a ler unha revista, eu lle preguntaba quen era esa xente (reis ou príncipes que saían), de onde eran...*

**Nacho-** *Cando soupeches que querías ser historiadora?*

**Belén-** *Xa no cole a asignatura que máis me gustaba era Ciencias Sociais, que agora está dentro da asignatura de Coñecemento, e trata de xeografía e sobre todo de historia: de como vivían os primeiros humáns, as primeiras civilizacións...*

*(A conversa nos leva a preguntarlle como foron os anos de estudos de carreira)*

**Sandra-** *A que anos empezache a estudar a carreira?*

**Belén-** *Pois comecei moi noviña, con 17 anos, porque cumplo en decembro e era das máis novas.*

**Beatriz-** *Canto tempo estuveche estudando historia? **Paulo-** Cando rematache a carreira?*

**Belén-** *Estiven facendo a carreira 5 anos, que era o que duraba a licenciatura. Rematei en 1997. Despois fixen o CAP, que é como un curso necesario para poder dar clases.*

**Nicole-** *Que foi o que máis che gustou da carreira?*

**Belén-** *Que é unha carreira moi interesante porque cada día ves e aprendes cousas novas. Ademais nos museos ou nos xacementos e excavacións podes ver en vivo as cousas que estudas.*

**Yago-** *É moi difícil a carreira de historia?*

**Belén-** *Non é fácil nin difícil, pero ten que gustar, porque hai moitísimas cousas que aprender e moito para memorizar, e se non che gusta, costa moito traballo.*

**Uxía Carral-** *Como foron os teus anos de carreira?*



**Belén-** *Teño que dicir que moi divertidos e sobre todo interesantes, porque é unha carreira que ten tantas cousas para aprender que non sempre era igual. De todas maneiras tamén foi duro, porque ao ser tan ampla, tiven que estudar e esforzarme moito.*

*(Pouco a pouco comezamos a interesarnos polas cousas que fan os historiadores)*

**Gonzalo-** Gústache ser historiadora?

**Belén-** *Sí, porque se aprende moito cada día. É algo co que nunca deixas de descubrir e aprender cousas novas.*

**Dylan-** É moi difícil estudar o pasado?

**Belén-** *Non é que sexa moi difícil. O que ocorre é que o pasado é tan amplo que require moito traballo e tamén moito tempo de investigación. Aínda así, é divertido.*

**Pablo-** Que te chamaba máis: ser historiadora, arqueóloga ou xeógrafa?

**Belén-** *Sen dúbida historiadora. Investigar nos libros, facer estudos, revisar documentos... os mapas e as excavacións me gustaban menos, son mais de biblioteca.*

*(Na conversa, nos conta algunhas vivencias e viaxes relacionadas cos estudos de historia)*

**Dani-** Coñeces a algún historiador famoso? **Johanny-** E a algún arqueólogo coñecido?

**Belén-** *Por desgraza, os historiadores e arqueólogos, aínda que sexan moi bos, non son famosos como os cantantes ou futbolistas. Un profesor meu era coñecido porque estaba na política, e tiven outro profe de arqueoloxía moi bon, que nos levou a moitos xacementos.*

**José-** Atopaches algunha ferramenta antiga? **Diana-** E algún obxecto valioso nunha excavación?

**Belén-** *Nas excavacións que traballei non tiven moita sorte, e non atopei nada. É moi difícil e hai que ir moi despacio e con coidado. Sen embargo na casa dos meus avós rescatei libros antigos con moito valor. Algún compañeiro si que deu con fragmentos de cerámica antigos.*

**Estevo-** Viches algunha vez ósos de persoas ou de animais nas excavacións?

Belén- *En xacementos non. Os vin en museos, coma o do Louvre, que ten algunhas momias de faraóns. Aquí o sitio máis importante onde se atoparon e no xacemento de Atapuerca.*

Uxía Castro- Ti estiveches algunha vez en Atapuerca?

Belén- *Non, pero teño moitísimas gañas, e tentarei ir en canto poida.*

Joel- Que foi o que mais te impresionou da túa viaxe ás Medulas cando estabas na carreira?

Belén- *Pois que son impresionantes. Moi grandes. E tamén a capacidade que tiñan os romanos de traballo e o que tiveron que discurrir para poder extraer o ouro desa forma.*

Alberto- Se pudieses elixir o lugar que quixeras visitar, a onde irías?

Belén-Pois me encantaría visitar as ruínas de Petra, en Xordania, que é unha cidade excavada e construída na pedra.

Temos que agradecerlle a Belén o amable que foi, e o divertido que nos fixo tanto a clase que nos veu a dar, como a entrevista para o periódico do cole. Temos que repetilo!











# Nenos do colexio 2013-14



Infantil 3 anos



Infantil 4 anos





Infantil 5 anos



1º A Educación Primaria





1º B Educación Primaria



2º Educación Primaria





3º Educación Primaria



4ºA Educación Primaria





4º B Educación Primaria



5º Educación Primaria



# 6º Educación Primaria. Rumbo ó Instituto!!!!



CEIP Plurilingüe de Seixalbo. O Carqueixal- San Breixo. Seixalbo Ourense

<http://ceip.seixalbo@edu.xunta.es>-telf/fax: 988 237 000